



A Verba do corvo

Un marzal máis, volto á aldea que me viu nacer para falarvos na miña lingua. Antes de pousarme para piteirar as migallas de pan de millo corvo, abro as ás para voar con vós sobre as páxinas que agochan un anaco do pasado sen esquecer o presente.

Vén de rematar o Ano da Memoria Histórica, pero con el non se acaban os recordos, que cómpre lembrar máis alá das datas conmemorativas. Na lingua do corvo está escrito o relato da bisneta dun fuxido da represión do 36, a persecución que unha veciña de Cela sufriu por parte da Inquisición e os ritos da fertilidade que hai catro décadas se celebraban na Ponte do Sinal. Entre as liñas negras coma o gran da espiga amósase o decorrer dos tempos en Meiro ós ollos do 'Ruso', ponse de relevo a importancia dos vellos camiños e apréndese a facer un muíño de canas.

Como non podía ser doutro xeito, tamén hai espazo para a actualidade, vencellada á tradición coa reivindicación dos Galos para rehabilitar o astaleiro de Purro. Teñen ademais o seu oco o labor deportivo que desenvolve o Club Vila de Cangas de Atletismo ou a promoción das belas artes que impulsan os catro artistas de 'A carón do mar', un deles, Lito Portela, autor do fermoso cartaz que difunde a xornada da que hoxe imos disfrutar.

Co IX Encontro Degustación do Millo Corvo, cúmprese unha década dende que a Asociación Cultural de Meiro sementou os seus primeiros grans escuros. Hai uns meses, tal atrevemento recibiu unha merecida distinción internacional: a inclusión na Arca do Gusto que outorga 'Slow Food', entidade que reconece o compromiso coa dignidade alimentaria e coa protección dos produtos tradicionais en perigo de extinción. Sen embargo, representar a Galicia nunha xuntanza celebrada a nivel mundial non lle valeu á Asociación o apoio económico das distintas administracións, que despois das promesas seguen caladas mentres os veciños labran, empalleiran e debullan. As tarefas do ciclo creador non perderon o seu valor educativo e nelas participaron os nenos dos colexios do Hío, O Con (Moaña), A Pedra e Berducedo, amais da Escola Unitaria de Meiro e a Asociación Galega San Francisco de diminuídos de Vigo.

Tantas mans traballando por un mesmo obxectivo non puideron frear as desfeitas do xabará nin a sequía que deixou os campos sen auga que afogara a sede dos milleiros. Pero "non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe", así que a moa xira de novo para esfarelar unha fartura de xantar e de festa. O millo corvo rexorde unha vez máis sen esquecer que "para colleitar soños, hai que sementar realidades".

